

Carmen Martínez Vázquez, 'A Mariona'

De Carmen Martínez, a *Mariona*, xornaleira de profesión, conta o historiador Xosé Álvarez Castro que “nunca calou os nomes dos cívicos e falanxistas de Mourente nin as súas feitorías”. Carmen era irmá do dirixente comunista Manuel Martínez Vázquez; de Joaquín, militante de esquerdas; e de Ramón, tamén prendido tras o golpe. Antifascista e anticlerical coma eles, Carmen sufriu nas súas propias carnes “vexacións, desprezos e privacións económicas” e, segundo Álvarez Castro, alporizábase cando alguén dicía que o gobernador Gómez Cantos -aquele que animou a entregarse a todos os fuxidos que non tiveran as mans manchadas de sangue- salvara moitas vidas. Ela sostíña que era unha trampa para prendelos e, desde logo, os seus irmáns non caeron nela pois Manuel estivo agochado ata comezos de 1948, case 12 anos despois de que se producise o golpe. Tamén Joaquín fuxiu ao monte aquel 20 de xullo en que o Goberno Civil de Pontevedra caeu en mans dos golpistas e o apoio de ambos eran as mulleres da familia que,



explica o historiador, “co pretexto de coller toxo, deixábanlles comida e roupa en certos lugares”, mentres que Ramón era prendido e condenado a cadea perpetua (aínda que logo lle foi conmutada).

Manuel Martínez formaba parte da directiva do Partido Comunista pontevedrés e dos comités da Fronte Popular e integrouse naqueles aciagos días de xullo no Comité de Defensa da República creado no Goberno Civil por orde do tamén pontevedrés Bibiano Fernández Osorio-Tafall, que exercía en Madrid como Subsecretario de Gobernación. Pero xa o día 20, o Goberno Civil pasaba ás mans dos golpistas e Manuel tivo que agocharse. O seu compromiso coa causa republicana xa o levara á cadea en varias ocasións, antes e despois da folga revolucionaria de 1934, e temendo pola súa vida, foi un dos topos pontevedreses que permaneceu durante máis tempo agochado, case doce anos, ata o 29 de xaneiro de 1948. Boa parte deles, segundo a memoria oral, pasounos en Marcón na casa de Serafina Ríos Malvar, irmá por parte de nai dun compañeiro seu, Domingo Veiga Ríos. Cando se entrega é condenado a 12 anos e un día de cárcere, que posteriormente lle serán conmutados a cinco.

O seu irmán Joaquín tamén fuxiu pero, en lugar de ficar agochado, marchou a Barcelona. Desde alá mandoulle unha carta á familia dicindo que estaba ben pero nunca máis volveron ter novas súas e temen que non sobrevivise á guerra ou á represión posterior que os franquistas tiveron cos republicanos.

O caso é que, como os falanxistas pontevedreses non puideron dar co paradiro nin de Manuel nin de Joaquín, foron prender a súa nai, **Josefa Vázquez Taboada**, e segundo a familia levárona á illa de San Simón. Os papeis da illa, convertida en cárcere franquista, non recollen a presenza de mulleres, pero son moitas as persoas que lembran a familiares alí presas, o que fai pensar que nalgún momento houbo alí mulleres sometidas a detención governativa, o que non deixaría rastro documental.

Tamén foi detido outro irmán de Carmen, Ramón Martínez Vázquez. Segundo Álvarez Castro prendérono en Cons pouco despois de triunfar o golpe. Foi xulgado en 1938 e seguiu a práctica habitual de botarlle a culpa aos mortos, ao declarar que só seguira instrucións do canteiro de Mourente Aurelio Torres, o *Pacheco*, asasinado polos golpistas o 23 de agosto do 36. Foi condenado a cadea perpetua pero logo lle conmutaron, saíndo en liberdade en 1940. Pode que lle axudara o feito de estar casado con Aquilina Leiro, irmá do coñecido cívico Edelmiro Leiro. De feito, na súa defensa contou co apoio dalgúns membros da garda cívica da parroquia.



A pesar da represión sufrida por toda a súa familia, Carmen Martínez, a *Mariona*, nunca calou. Non lle doían prendas en recitar a nómina dos cívicos e en delatar a participación nas sacas do cura Ignacio Triñanes, pistola ao cinto.